



Concello de Lugo

jdiaz

Refª: Acta avaliación cuarto exercicio do proceso selectivo de bombeiro condutor.

Asunto: Acta avaliación Cuarto Exercicio: Proba Psicotécnica.

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 12 PRAZAS DE BOMBEIRO/A CONDUTOR/A (3 PRAZAS INCLUIDAS NA OEP 2017, 3 PRAZAS INCLUIDAS NA OEP 2018 e 6 INCLUIDAS NA OEP 2020) PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE, RELATIVA A AVALIACIÓN DO CUARTO EXERCICIO: PROBA PSICOTÉCNICA.

Ás 10,15 horas da mañá do día 25 de maio de 2.022, reuniuse o Tribunal do referido proceso selectivo no Edificio Municipal de Novas Tecnoloxias, sito na Praza Anxo Fernández Gómez s/n de Lugo para a avaliación do cuarto exercicio: Proba Psicotécnica, cuxa realización tivo lugar o día 2 de maio de 2022, no Centro de Convivencia Uxio Novo Neyra, sito na Rúa Quiroga Ballesteros nº 1 de Lugo, coa asistencia dos seguintes membros deste que se citan a continuación:

Presidente: Don Juan Ignacio Márquez Gacio, Técnico do Concello de Lugo.

Vogais: Don Alejandro Fernández Carballeira, Cabo do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Ferrol, La Coruña.

Don Eduardo López Dorado, Cabo do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Lugo.

Asesores colaboradores do Tribunal:

Don Gonzálo Perreira Ferreiro, Licenciado en Educación Física.

Don Julio González Morandeira, Psicólogo, Técnico Superior Participación Cidadá do Excmo. Concello de Lugo.

Secretario: Don Justo Díaz Rodríguez, Letrado Asesor-Vicesecretario do Concello de Lugo.

O Tribunal por unanimidade acorda:

Primeiro.- O Tribunal acordou poñer en coñecemento dos opositores que realizaron o Cuarto exercicio do proceso selectivo mediante o sistema de oposición para o acceso en propiedade de 12 prazas de bombeiro/a condutor/a (3 prazas incluídas na OEP 2017, 3 prazas na OEP 2018 e 6 prazas incluídas na OEP 2020), **que todos os aspirantes que realizaron o Cuarto exercicio: Proba Psicotécnica**, de carácter obrigatorio e eliminatorio conforme o establecido nas bases específicas do presente proceso selectivo, **obtiveron a cualificación de APTOS**, polo que se procede a súa publicación no Taboleiro de anuncios e na páxina web deste Concello de Lugo, concedendo a tal efecto ós interesados



jdiaz

Refª: Acta avaliación cuarto exercicio do proceso selectivo de bombeiro condutor.

Asunto: Acta avaliación Cuarto Exercicio: Proba Psicotécnica.

un prazo de 2 días naturais dende a referida publicación, para presentar as alegacións xustificadas ás cualificacións outorgadas por dito Tribunal.

Segundo.- Asi mesmo, o Tribunal acordou convocar os opositores que non acreditaron en prazo estar na posesión do título de coñecemento da lingua galega: CELGA ou equivalente debidamente homologado, conforme a Base Décimo Cuarta das Bases Xerais para o Acceso en Propiedade a Prazas de Funcionarios e Persoal Laboral do Excmo. Concello de Lugo, modificada en virtude do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o día 31 de outubro de 2018, para a realización do Quinto exercicio: Coñecemento da Lingua Galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que terá lugar o próximo día 30 de maio de 2022, as 9:00 horas, no Edificio Municipal de Novas Tecnoloxias, sito na Praza Anxo Fernández Gómez s/n de Lugo

A cualificación global será de apto/non apto.

E para que así conste e surta os efectos legais oportunos, levantase a presente Acta as 11,15 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por todos os membros do Tribunal, de cuxo acto este Secretario certifico.

O Presidente do Tribunal.

Asdo.: Juan Ignacio Márquez Gacio.

O Secretario do Tribunal.

Asdo.: Justo Díaz Rodríguez.

Vogal.

Asdo.: Alejandro Fernández Carballeira.

Vogal.

Asdo.: Eduardo López Dorado.

Asesor colaborador.

Asdo.: Gonzalo Perreira Ferreiro.

Asesor colaborador

Asdo.: Julio González Morandeira.

Firmado por ALEJANDRO
FERNANDEZ CARBALLEIRA -
32697869B el día 26/05/2022
con un certificado emitido
por AC CAMERFIRMA FOR 2

Firmado por LOPEZ DORADO
EDUARDO - 33992398P el día
26/05/2022 con un
certificado emitido por AC
FNMT Usuarios